



ASINADO POR
O alcalde do Concello de Culleredo
(Decreto nº1852 de 29/09/2025 de avogación
atribucións)
José Ramón Rioboo Castro
09/10/2025



NIF: P1503100H

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

Tendo en conta a autonomía da que gozan os conservatorios de música de Galicia (tanto os de titularidade da Xunta como os das entidades locais), entre outros, nos ámbitos organizativo (programación xeral anual e normas de organización e funcionamento) e pedagóxico (proxecto educativo) segundo se establece no artigo 40.1 e 2 do *Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia* -, o Conservatorio Profesional de Música de Culleredo recolle no artigo 151 das Normas de Organización e Funcionamento do Centro e no apartado IV do seu Proxecto Educativo (aprobados ambos documentos polo Consello Escolar o 10/06/2011) que imparte ademais, como ensino non regrado, Iniciación á música I e II para nenos de entre 6 -7 e 7-8 anos respectivamente (ao amparo da DA 8ª do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música). Sendo as datas establecidas pola Xefatura do Centro para dito curso as seguintes:

- Preinscrición do 9 ao 12 de setembro.
- Exposición de listado de admitidos: 24 de setembro.
- Prazo de reclamacións do 24 ao 30 de setembro.
- Prazo de matrícula do 1 ao 3 de outubro.
- Comezo das clases: 6 de outubro.

No expediente 1651676W *Preinscrición Iniciación I/ Iniciación II do CMUS Culleredo (curso 25/26)* figura a documentación presentada polos solicitantes a ditas probas.

O regulamento de funcionamento do conservatorio de música de Culleredo (BOP n.º 130 de data 8 de xuño de 2002) regula, entre outros aspectos, as idades de ingreso e permanencia así como os criterios de admisión no cursos de iniciación organizados polo centro:

- Establécese nos 6 anos a idade mínima de ingreso para iniciación, cunha permanencia máxima ata os 8 anos (artigo 2).
- Criterios de admisión (artigo 7):

7.1 Iniciación I

- 1º Prevalece o empadronamento no Concello de Culleredo.
- 2º Idade.
- 3º Orde de inscrición.

7.2 Iniciación II

- 1º Os que estaban inscritos o curso anterior en Iniciación I.
- 2º Empadronamento no Concello de Culleredo.
- 3º Idade.
- 4º Orde de inscrición.

Rematado o prazo de preinscrición e comprobada a documentación achegada polos solicitantes a través de rexistro, por resolución da Concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes (n.º 1827 de data 24/09/2025) aprobáronse as listas provisionais de admitidos e excluídos na preinscrición para os cursos de Iniciación I e Inciación II do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo para o curso 25/26. Nesta resolución estableceiase un prazo de alegacións do 24 ao 30 de setembro (segundo o calendario aprobado para a actividade).

Rematado o prazo de alegacións, por resolución da Concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes (nº 1884 de data 01/10/2025) aprobáronse as listas definitivas de admitidos e excluídos na preinscrición para Iniciación I e II do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo para o curso 25/26. Abríndose o prazo de matrícula fixado no calendario aprobado para a actividade (do 1 ao 3 de outubro) para aqueles solicitantes admitidos que obtiveran praza.

Por resolución do Alcalde n.º 1935 de data 06/10/2025 (por avogación de atribucións da Concelleira delegada de Participación Cidadá e Deportes - Decreto n.º 1852 de 29/09/2025), aprobáronse as listas de admitidos e excluídos na matrícula para o curso de Iniciación I e II 2025/2026 do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo. Na mesma recollíase que ao non ser cubertas todas as prazas dispoñibles por non matricularse algúns dos solicitantes que obtiveran praza na preinscrición, quedaban vacantes 1 praza en Iniciación I e 2 prazas en Iniciación II. Establecendo que, para Iniciación II, ofertábanse as dúas prazas vacantes á lista de agarda xurdida da preinscrición, para que de estar interesados, formalizaran a súa matrícula.



ASINADO POR
A Secretaría Xeral acctal do Concello de Culleredo
Ana Sammartín Ramos
(Resolución da DXAL de 17.02.2025)
09/10/2025



SELO
Publicado en taboleiro de anuncios electrónico
09/10/2025





ASINADO POR
O alcalde do Concello de Culleredo (Decreto nº1852 de 29.09.2025 de avogación atribucións) José Ramón Rioboo Castro 09/10/2025

Realizado o chamamento á lista de agarda o día 06/10/2025, formalizaron a matrícula no curso de Iniciación II, a través de rexistro, os dous primeiros aspirantes da devandita lista.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos; a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica no Concello de Culleredo, e demais normativa específica de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL; así como a Resolución nº 1260 de 7.07.2023 de delegación de atribucións de alcaldía en concelleiros/as da Corporación (BOP A Coruña nº 131 de 11.07.2023).

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista de admitidos e excluídos na matrícula das dúas prazas vacantes en Iniciación II (xurdidas do proceso de matrícula para o curso de Iniciación I e Iniciación II 2025/2026 do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo):

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA MATRÍCULA DE INICIACIÓN II (prazas vacantes)

ADMITIDOS (2 prazas)

Nº	DNI/NIE/PASAPORTE OU APELIDOS E NOME do solicitante	CURSO	N.º REXISTRO	DATA MATRÍCULA completa
1	32974087E	Iniciación II	12375/2025	2025-10-07
2	LD,N	Iniciación II	12422/2025	2025-10-08

* Non houbo solicitantes excluídos

SEGUNDO.- Actualizar a lista de agarda dos admitidos na preinscrición de Iniciación II (recollidos na resolución n.º 1884 de data 01/10/2025), que queda como sigue:

LISTA DE AGARDA DOS ADMITIDOS NA PREINSCRICIÓN DE INICIACIÓN II

ADMITIDOS - LISTA DE AGARDA

Nº Orde	DNI/NIE/PASAPORTE OU APELIDOS E NOME do solicitante	CURSO
1	32944839F	Iniciación II
2	32975184S	Iniciación II

TERCEIRO.- Publicar esta resolución na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos do Conservatorio, conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notifica-



ASINADO POR
A Secretaría Xeral acctal do Concello de Culleredo Ana Sammartín Ramos (Resolución da DXAL de 17.02.2025) 09/10/2025



SELO
Publicado en taboleiro de anuncios electrónico 09/10/2025





ASINADO POR

O alcalde do Concello de Culleredo
(Decreto nº1852 de 29.09.2025 de avogación
atribucións)
José Ramón Rioboo Castro
09/10/2025



NIF: P1503100H



ASINADO POR

A Secretaría Xeral acctal do Concello de Culleredo
Ana Sammartín Ramos
(Resolución da DXAL de 17.02.2025)
09/10/2025

ción, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 209 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa-. Con todo, e para o caso de administracións públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Culleredo, na data da sinatura dixital

Resolución asinada á marxe pola Concellería delegada por proposta da Xefatura de Servizo tramitadora do expediente (conforme arts. 172 e 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)

Asinada á marxe pola Secretaría Xeral para a súa incorporación ao libro de resolucións (conforme art. 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, art. 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, e art. 177 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)



SELO

Publicado en taboleiro de anuncios electrónico
09/10/2025

